

# MO<sup>CO</sup> NUM

ANDAR CON ARTE

# IEN

DO 30 DE XULLO  
AO 27 DE AGOSTO DE 2016

# TIA

XUNTA DE GALICIA

**Edita e promove**

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Cultura

**Coordinan**

Sinsalaudio  
Tomas Conservación Restauración  
Van Divulgación Cultural

**Deseño**

NUMAX

**Imprime**

Ezponda

**Depósito legal**

DL: C 1077-2016

**Coa colaboración dos concellos de:** Ferrol, A Fonsagrada, Monforte de Lemos, Parada de Sil, Caldas de Reis, Bande, Rairiz de Veiga, Tomiño, Vilaboa e a Asociación Salinas do Ulló

**MONUMENTA. ANDAR CON ARTE**

Monumenta, andar con arte é un programa de actividades culturais que se desenvolve ao redor da acción de caminar e da experiencia da andaina como a mellor e a máis antiga das maneiras de explorar e de vivir o territorio. Con este novo horizonte, Monumenta avanza un paso máis á hora de mostrar, difundir e contar o noso patrimonio material —igrexas, castros e outros monumentos e lugares históricos— desde as achegas do patrimonio inmaterial, que é a raíz do seu significado.

O caminar, como o respirar, revestiu de contido os nosos carreiros ao longo da historia, para configurar a paisaxe, os nosos relatos e vivencias. Co saber dos caminantes convidados, Monumenta achega outra mirada aos nosos camiños, nos que se erguen os edificios históricos relixiosos ou as primeiras instalacions da Revolución Industrial. Convidados expertos en diferentes áreas como a arquitectura, a arqueoloxía, a xeografía, a xeoloxía ou a arte, axudarános a entender outras particularidades e valores dos diversos aspectos do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Con este ciclo de andainas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia achégalle á ciudadanía unha experiencia diferente de vivir e sentir o noso patrimonio, relacionando cada edificio co territorio e coa súa singularidade cultural e paisaxística.



## DESEMBARCO NO CASTELO DE SAN FELIPE

FERROL, A CORUÑA

30 de xullo | 10.00 h

### PUNTO DE ENCONTRO

Peirao de Curuxearas, do Porto de Ferrol

Como chegar: pola estrada Porto Graña ou polo paseo da Mariña (rúa Espírito Santo).

### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Esta andaina propónnos experimentar a mirada e a observación desde dentro do contorno privilexiado da ría de Ferrol. A súa configuración de porto natural ofrece un perfecto abrigo dos ventos dominantes e dos temporais, fronte ao inmenso Atlántico que agarda á volta do Cabo Prioriño. O paseo ten como obxectivo desembarcar no Castelo de San Felipe, utilizando a súa entrada natural por mar, xa en desuso. Con esta experiencia, poderemos comprender por que a ría foi elixida como lugar de asentamento desde os tempos antigos (dos castrexos, dos romanos, dos normandos) e por que, no século XVI, fronte aos ataques da Armada inglesa,

se ergueron os castelos de San Felipe, A Palma e San Martiño, na boca da ría, e a fixeron inexpugnable.

### MONUMENTA DIVULGA

Coñeceremos o patrimonio marítimo dos portos, os sinais marítimos, a hidrotoponimia e as fortalezas militares exemplo da arquitectura granítica marcada pola combinación de modelos defensivos clásicos e do estilo tradicional dos canteiros.

### CAMIÑANTES CONVIDADOS

**Rebeca Blanco Rotea,**

investigadora asociada do Grupo de Investigación Síncrisis, Universidade de Santiago de Compostela e colaboradora do INCIPIT e do CSIC. **Xaquín**

**Ferrer Cruz**, arqueólogo ferrolán cunha ampla experiencia en escavacións e restauracións por toda Galicia.

## A ANDAINA

**Hora de saída:** 10.00 h

**Hora de regreso estimada:** 13.30 h

**Duración total:** tres horas e media (incluídas as viaxes no barco)

**Dificultade:** baixa

**Itinerario:** saída en barco desde Porto de Ferro (Peirao Curuxearas) ás 10.00 h. da mañá. Paseo pola ría durante unha hora e desembarco no castelo de San Felipe. Visita ás instalacións da fortaleza durante dúas horas e regreso no barco (travesía de 30 min).

**Observacións:** existen escaleiras de acceso, pequenas rampas e tramos curtos de chan irregular con pozas de auga.

**Necesidades específicas:** calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

**Prezo do barco:** o barco ata o castelo ten un custo de 3 euros por billete (inclúe a volta) e unha capacidade de 140 prazas.

**Público destinatario:** actividad axeitada para todos os públicos.

**Inscripción previa:** imprescindible inscrición, do 12 de xullo ao 29 de xullo, na web de Monumenta: <https://galiciamonumenta.wordpress.com>. Admisión por orde de inscrición.

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13625621>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) e no teléfono 619 637 211





## PATRIMONIO INDUSTRIAL DOS VALES DO ULLA-UMIA

### CALDAS DE REIS

**6 de agosto | 10.00 h**

do río Umia deulle ao lugar de Segade un especial protagonismo industrial. Alí estivo situada unha das primeiras fábricas de papel continuo de España, transformada hoxe nunha atractiva casa de turismo rural. E tamén alí se construíu a central eléctrica que foi orixe da máis importante eléctrica galega.

#### MONUMENTA DIVULGA

Pór en valor esta tradición fabril é o obxectivo desta actividade na que visitaremos algúns complexos industriais situados no concello de Caldas de Reis. Introducirémonos na tradición artesá, comercial e industrial desde a Idade Moderna ata a época contemporánea, propia da bisbarra do Ulla-Umia, que ándha hoxe mantén importantes fábricas no ámbito da química, da alimentación, da metalurxia e da madeira.

#### CAMIÑANTE CONVIDADO

**Xoán Carmona Badía,** catedrático de institucións económicas da Universidade de Santiago de Compostela, investigador da historia marítima e empresarial, e do patrimonio industrial.

#### PUNTO DE ENCONTRO

Fábrica Azucreira de Portas, na rúa Estación

Como chegar: cómpre ir ata Caldas de Reis pola N-550 e tomar o desvío para o concello de Portas (EP-8004). Aparcadoiro nas proximidades da fábrica Azucreira.

#### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Durante os séculos XVII e XVIII os comerciantes instalados na vila de Caldas de Reis organizaban o tráfico de tecidos de liño de toda a comarca ao tempo que teceláns, curtidores e palilleiras constituían o núcleo da industria local.

A tradición curtidora desembocou no século XIX na construcción de catro fábricas de coiros, das que áñda quedan restos na propia vila e mais en Fieitoso-Carracedo. Tamén o aproveitamento das augas termais deu lugar, xa a comezos do mesmo século, á construcción dun importante núcleo balneario, que segue hoxe a ser un dos máis sonados de Galicia. A forza das augas

## A ANDAINA

**Hora de saída:** 10.00 h

**Hora de regreso estimada:** 13.30 h

**Distancia:** 6 km

**Dificultade:** baixa

**Itinerario:** saída desde a Azucreira de Portas ata Caldas de Reis. Ascenderemos á beira do río ata a Central Eléctrica de Segade, berce de Fenosa, e visitaremos a fábrica de papel La Concepción.

**Observacións:** ruta mixta rural-urbana. Hai algunha pendente e tramos con chan irregular.

**Necesidades específicas:** calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

**Público destinatario:** actividad axeitada para todos os públicos.

**Inscrição previa:** non é necesaria.

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13627590>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) e no teléfono 619 637 211





## A FONSAGRADA E AS TERRAS DE BURÓN

7 de agosto | 11.30 h

se levantaban no lugar, tránsito dos camiñantes que ían, desde Oviedo, a Santiago de Compostela polo Camiño Primitivo.

### MONUMENTA DIVULGA

Visitaremos varios exemplos de arquitectura da zona, como a igrexa de Santa María, construcción barroca con tres naves e unha ábsida, a torre de Altamira ou o castelo de Burón, construcción dos condes de Altamira que foi derrubada polos Irmandiños, capitaneados por Pedro Osorio, durante a Revolta do século XV e que foi reconstruída despois pola familia dos Moscoso. Tamén coñeceremos a igrexa de Santa María de Allonca, unha fermosa arquitectura rural nunha fraga de amieiros, castiñeiro e carballos, e as corripas, unhas pequenas construcións de pedra circulares ou cadradas utilizadas para a conservación e o manexo da castaña, produto que foi básico na economía e na alimentación desta zona.

### CAMIÑANTES CONVIDADOS

**Antonio de Vega**, arquitecto e profesor da Universidade de Santiago de Compostela. **Juanjo Molina**, director do Museo Etnográfico da Fonsagrada e investigador. **Xoán-Xil López**, artista e paisaxista sonoro.

### PUNTO DE ENCONTRO

Na Praza do Concello, s/n,  
27100 A Fonsagrada, Lugo.  
Como chegar: desde Lugo, pola provincial LU-530 á Fonsagrada. Apárcase entre o Concello e o Museo Comarcal da Fonsagrada. Desde alí, os desprazamentos farémoslos nun autobús da organización.

### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O concello da Fonsagrada, xunto co de Negreira de Muñiz, formou parte ata 1835 do Concello de Burón, cuxa capitalidade ostentaba a vila da Pobra de Burón, fundada arredor do ano 1200 e pertencente ao arciprestado de Burón, dentro da diocese de Oviedo. Monumenta viaxará ata esouta "raia" entre Asturias e Galicia, onde, ademais da importancia do antigo concello da Pobra do Burón (extinto no ano 1835) e da súa famosa torre de Altamira ou do castelo de Burón, tamén falaremos das fundacións hospitalarias para peregrinos, xa citadas no século XIII, que

## A ANDAINA

**Hora de saída:** 11.30 h

**Hora de regreso estimada:** 18.00 h

**Distancia:** 5 km entre as dúas rutas: a primeira parte en Burón (1 km) e a segunda parte en Allonca (4 km).

**Dificultade:** baixa

**Itinerario:** desde A Fonsagrada sairemos en autobús cara á Pobra de Burón. Despois desta primeira parada, marcharemos pola LU-701, desviándonos en dirección a Allonca. Nesta segunda etapa visitaremos os seus bosques e a igrexa de Santa María. Continuaremos o camiño a pé a través dun bosque de castiñeiro, salpicado de corripas (construcións de pedra para gardar as castañas), ata chegarmos ao agochado muíño da Allonquiña.

**Observacións:** a ruta a pé percorre carreiros de monte que presentan irregularidades no terreo e vexetación alta pero que non ofrecen dificultades de paso.

**Necesidades específicas:** calzado forte, chapeu, impermeable (por se chove), así como auga e comida para xantar erepoñer forzas no traxecto. Durante a andaina, faremos unha parada no bosque para xantar.

**Prezo:** o autobús que nos leva ata a Pobra de Burón e a Allonca ten un custo de 3 euros por persoa. 50 prazas.

**Público destinatario:** actividade axeitada para todos os públicos.

**Inscripción previa:** inscrición, do 12 de xullo ata o venres 5 de agosto, na web de Monumenta: <https://galiciamonumenta.wordpress.com>. Admisión por orde de inscrición.

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13665026>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) e no teléfono 619 637 211





## PATRIMONIO INDUSTRIAL E XEOLOXIA NA RIBEIRA SACRA

15 de agosto | 11.00 h

### PUNTO DE ENCONTRO

Albergue da Fábrica da Luz (Barxacova), concello de Parada de Sil, Ourense.

Como chegar: desde Ourense, cómpre tomar a provincial OU-536 e desvíarse para o concello de Parada de Sil (estrada a Reboreda). Onda a Casa do Concello, hai que tomar a local OU-605 cara ao albergue da Fábrica da Luz. Aparcadoiro no propio albergue.

### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Esta andaina percorre o canón excavado polo río Mao no granito, con zonas de impresionantes frágas. Poderemos observar o meandro encaixado na rocha, as estruturas erosivas denominadas “marmitas de xigante” e a mostra de como afecta a erosión aos diferentes materiais, diques de seixo e de pegmatita e outras estruturas xeológicas singulares. Tamén analizaremos a xeografía da contorna, o patrimonio construído, o natural e o sonoro da Ribeira Sacra.

### MONUMENTA DIVULGA

Ademais de observar a interesante xeoloxía da zona, durante uns 3 km caminaremos pola canle construída en 1916 para fornecer auga ás turbinas da central hidroeléctrica de Escalada (actual albergue da Fábrica da Luz). Na canle atópase un pequeno túnel construído para evitar desprendimentos. Atravesaremos a necrópole medieval de San Vítor de Barxacova (século IX) e a localidade de San Lourenzo de Barxacova.

### CAMIÑANTES CONVIDADOS

**Eduardo González Clavijo**, xeólogo coautor do Proxecto Silxe (inventario de lugares de interese xeológico do Cañón do Sil), especialista na xeoloxía da Ribeira Sacra. **Juan López Bedoya**, xeomorfólogo, que nos axudará a entender mellor o clima, a vexetación e a passaxe sonora da zona.

## A ANDAINA

**Hora de saída:** 11.00 h

**Hora de regreso estimada:** 18.30 h

**Distancia:** 5 km

**Dificultade:** media

**Itinerario:** a ruta da antiga canle do río Mao iníciase e finaliza no albergue da Fábrica da Luz, no concello de Parada de Sil, xunto ao río Mao. Desde este punto subiremos en autobús ata as proximidades da localidade de Forcas, onde iniciaremos a andaina. A ruta segue o carreiro PR-G 177 ao longo do canón que xera o río Mao, para finalizar, logo dunha forte baixada, no mesmo albergue.

**Observacións:** nesta andaina de montaña, o terreo é chan con tramos de forte descenso. Non é unha ruta recomendada para menores de 12 anos. Os menores entre 12 e 16 anos deben ir acompañados dun adulto, conforme o regulamento da actividade, que é imprescindible aceptar na inscrición.

**Necesidades específicas:** calzado forte, chapeu, impermeable (por se chove), auga e algo de comida para reposer forzas no traxecto. Durante a andaina, faremos unha parada no bosque para xantar.

**Entrada/Prezo:** o autobús que nos leva desde o aparcadoiro da Fábrica da Luz ata o inicio da andaina ten un custo de 3 euros por billete. 50 prazas.

**Público destinatario:** maiores de 12 anos.

**Inscripción previa:** imprescindible inscrición, do 12 de xullo ata o domingo 14 de agosto, na web de Monumenta: <https://galiciamonumenta.wordpress.com>

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13626182>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsaudio.org](mailto:info@sinsaudio.org) e no teléfono 619 637 211





## CONTOS DE FRONTEIRA E CONTRABANDO NA VÍA NOVA

**BANDE-RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE)**

**20 de agosto | 17.30 h**

d.C., coa intención de controlar o territorio do sur da Gallaecia e de darles saída ás mercadorías e minerais explotados polos romanos. Esta ruta conectaba as cidades de Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga), cun maxistral trazado a media ladeira nas zonas de montaña e sobre loma nas chairas. Está dotada de magníficas pontes de envergadura e miliarios que sinalizaban as súas 215 millas (aproximadamente 325 Km).

### PUNTO DE ENCONTRO

Ponte Liñares. Rairiz de Veiga  
Como chegar: no concello de Bande, hai que tomar a provincial OU-301 a Güín. Continuando pola mesma estrada deixamos atrás o núcleo principal de Güín e paramos en Ponte Liñares xunto ao río Limia, onde aparcamos o coche para iniciarmos a andaina.

### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Aproveitando as últimas restauracións na Vía Nova, que vai de Asturica Augusta (Astorga) a Bracara Augusta (Braga), ao seu paso por Güín, Congosto e outras aldeas entre os concellos de Rairiz de Veiga e Bande, en Ourense, compartirímos contos e historias da raia no Parque Natural do Xurés ao tempo que descubrimos os elementos más interesantes da vía romana. O percorrido segue os pasos dunha calzada romana bimilenaria, a Vía XVIII ou Vía Nova do itinerario romano de Antonino, que se construíu en tempos da dinastía Flavia e foi inaugurada no ano 79

### MONUMENTA DIVULGA

Esta andaina lévanos por un dos tramos mellor conservados desta vía romana de alto valor patrimonial. Coñeceremos a riqueza natural, orográfica, paisaxística, etnográfica e arqueolóxica desta zona con paradas nos miliarios do Padrón (Vía Nova), o castro de San Miguel, lugar de culto da Ascensión, e repararemos naqueles aspectos máis interesantes dos camiños rurais e nas carballeiras.

### CAMIÑANTES CONVIDADOS

**David de Bande**, arqueólogo e bo coñecedor dos novos tramos da vía romana. **Rubén Perdiz**, da

Asociación Arnau, que está a traballar pola declaración de Patrimonio da Humanidade. **Toño Cesteiro** (de Lobeira), gaiteiro, que é tamén (como indica o seu alcume) un dos grandes mestres na antiga arte da cestería, que lle porá música á xornada. Dirixidos, en formato “barriografía” ou faladoiro itinerante, polo músico e escritor **Xurxo Souto**.

## A ANDAINA

**Hora de saída:** 17.30 h

**Hora de regreso estimada:** 20.30 h

**Distancia:** ruta circular de 9 km

**Dificultade:** baixa

**Itinerario:** partimos do conxunto etnográfico da Ascensión, en Ponte Liñares. Seguimos pola vía romana pasando ao pé dos miliarios do Padrón, para internarnos nunha frondosa fraga con carballos centenarios. De seguido, unha profunda congostra guiarános ata Penelas, onde se van expoñendo todo tipo de mostras da cultura popular: petos, cruceiros, fornos, muíños, capelas, fontes, corredoiras. Desde este punto, ascenderemos por camiños vellos ata o castro de San Miguel, cunha espectacular vista da paisaxe limiá. Cotinuaremos a andaina para visitar a aldea de Congosto e continuar baixo dominio do castelo medieval de Celme, ata o punto de chegada.

**Observacións:** ruta rural, por sendeiros e camiños de monte que presentan irregularidades no terreo, ascensos e descensos suaves, que non ofrecen dificultades de paso.

**Necesidades específicas:** calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), así como auga e un petisco pararepoñer forzas no traxecto.

**Público destinatario:** actividade axeitada para todos os públicos.

**Inscrição previa:** non é necesaria.

**Enlace da ruta:** <http://gl.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13596831>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsaudio.org](mailto:info@sinsaudio.org) e no teléfono 619 637 211





# CAMIÑOS DO SAL: PATRIMONIO HISTÓRICO E REDE NATURA NAS SALINAS DO ULLÓ

21 de agosto | 10.30 h

## PUNTO DE ENCONTRO

Aparcadoiro das Salinas  
Como chegar: se se vai pola N-550 de Pontevedra a Vigo, hai que tomar o desvío en Vilaboa, á altura do número 132, onde está o paso superior peonil. Coordenadas: 42.353789, -8.626663. Se se vai pola N-554 de Vilaboa a Moaña, cómpre tomar o desvío á altura do número 10. Coordenadas: 42.359415, -8.636690.

## Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

As salinas e marismas do Ullón do concello de Vilaboa atópanse situadas no fondo da ría de Vigo, formando parte dunha zona intermareal, que foi ocupada parcialmente ao longo da historia para aproveitamento humano. As salinas foron construídas no 1637 e, xunto coa marisma, constitúen unha contorna de incalculable valor ecolóxico e de gran beleza paisaxística, se ben, como en tantos outros enclaves da costa, os seus usos tradicionais foron abandonados co paso do tempo.

## MONUMENTA DIVULGA

Coñeceremos as ruínas da Granxa das Salinas, edificio de finais do século XVIII e principios do XIX, utilizado pola servidume e os terratenientes, e que dispunha de diversas dependencias para a manipulación do sal e outros produtos. A andaina tamén nos levará a un dos poucos exemplos de muíño de mareas, que aproveitaba as correntes das preamarés para mover a súa maquinaria.

## CAMIÑANTES CONVIDADOS

**Alejandro Costa Fernández**, enxeñeiro técnico, monitor de ocio e vecíno de Vilaboa, organizador de roteiros a pé e en bici polo espazo natural e polo patrimonio da zona. **Francisco Alonso Toucido**, graduado en historia e doutorado en arqueoloxía, guía de rutas interpretativas do medio natural. Coa axuda e colaboración da Asociación Salinas de Ullón, adicada á recuperación, conservación e divulgación do entorno das Salinas. **Treme**, Su Garrido, voz e guitarra, e Margarida Mariño, cello, compartirán con nós a súa música nos pequenos descansos durante a andaina.

# A ANDAINA

**Hora de saída:** 10.30 h

**Hora de regreso estimada:** 14.00 h

**Distancia:** 10 km (5 km de ida e 5 km de volta)

**Dificultade:** baixa

**Itinerario:** Salinas de Ullón, muíño de mareas, dique das Salinas, Granxa das Salinas, Peirao dos Caralletes, Salinas de Larache (final de ida), Monte da Croa-cruceiro do Con (opcional á volta).

**Observacións:** andaina por camiño agrario ancho e chan.

**Necesidades específicas:** calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

**Público destinatario:** actividade axeitada para todos os públicos.

**Inscripción previa:** non é necesaria.

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13627765>

**MÁS INFORMACIÓN:** [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) e no teléfono 619 637 211





## O MIÑO: A RAIA DA AMIZADE

27 de agosto | 10.30 h

### PUNTO DE ENCONTRO

Espazo Fortaleza (entrada do antigo ferry), Goián (Tomiño). Como chegar: desde a autovía A55 con saída en Areas-Tui, continúase pola estrada PO 552 en dirección á Guarda. Á altura de Goián, nos semáforos, collése á esquerda seguindo a sinalización do Espazo Fortaleza.

### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O río Miño marca, no seu treito final, a fronteira natural e política co veciño Portugal. As relacións entre ambas as marxes sufriron diferentes flutuacións ao longo dos séculos, como o mostran os restos patrimoniais. A fortaleza de San Lourenzo de Goián testemuña o conflito bélico que supuxo a fortificación das marxes do treito do río. As guerras de Restauración para a coroa portuguesa e de Independencia para a coroa castelá supuxeron un enfrentamento entre os países, con intereses alleos ás poboacións locais que, pola contra, teceron ao longo de séculos relacións

de proximidade e mesmo de solidariedade que converxeron en accións concuentes de actividade pesqueira, ou mesmo de accións de contrabando e de paso clandestino de persoas dunha marxe para a outra.

### MONUMENTA DIVULGA

A andaina percorrerá a senda do Miño desde o Espazo Fortaleza ata a praia de Eiras. No Espazo Fortaleza contextualizaremos a localización e as relacións transfronteirizas. Despois, visitaremos a fortaleza de San Lourenzo onde analizaremos os fortes do Miño na guerra con Portugal. Chegaremos ata o Peirao Vello para coñecermos a pegada e a transcendencia do contrabando. E, en Eiras, saberemos máis da pesca tradicional do Miño a partir dos traballos do etnógrafo Eliseo Alonso.

### CAMIÑANTES CONVIDADOS

**Natalia Jorge Pereira**, historiadora e especialista nas fortalezas do Miño. O compositor tudense **Víctor Coyote** tocará para nós en acústico durante a andaina, para traernos música e historias da fronteira.

## A ANDAINA

**Hora de saída:** 11.00 h

**Hora de regreso estimada:** 14.00 h

**Distancia:** 5'5 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Itinerario:** desde o Espazo Fortaleza ata a praia de Eiras, e regreso.

**Observacións:** andaina regular cunha lixeira pendente no acceso á fortaleza. O Espazo Fortaleza conta cunha entrada específica para públicos con mobilidade reducida.

**Necesidades específicas:** calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

**Público destinatario:** actividad axeitada para todos os públicos.

**Inscripción previa:** non é necesaria.

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13665767>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) e no teléfono 619 637 211





## A CONEXIÓN DE MONFORTE CON CASTELA E NÁPOLES NO SÉCULO XVI

28 de agosto | 10.30 h

foi recentemente restaurada e as dependencias do antigo mosteiro son hoxe Parador Nacional. Dentro do Colexio de Nosa Señora da Antiga (tamén coñecido como Colexio do Cardeal Rodrigo de Castro), coa súa impresionante arquitectura de estilo herreriano, atópase unha pinacoteca exquisita con obras do Greco e Andrea do Sarto, entre outros. Introducirémonos despois no Museo de Arte Sacra das Clarisas de Monforte, cunha das mellores coleccións de orfebrería e escultura relixiosa que se poden atopar en España, con pezas destacadas como a Inmaculada e o Cristo xacente de Gregorio Fernández (s. XVII). Na camiñada, coñeceremos tamén o barrio medieval, cruzaremos o río Cabe e deambularemos polas prazas de Monforte.

**CAMIÑANTES CONVIDADOS**  
**Juan Manuel Monterroso**, doutor en Historia da Arte decano na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. **Marta Becerro Manso**, da empresa Tomos, restauradora especialista en pintura. Nas visitas aos edificios contaremos coas explicacións do respectivos profesionais que realizan as guías aos museos.

### PUNTO DE ENCONTRO

Colexio Nosa Señora da Antiga  
Como chegar: situado no centro de Moforte (campo da Compañía, 50). O colexio conta cun aparcadoiro amplo e moi accesible á beira do río Cabe.

### Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Nesta andaina visitamos un dos patrimonios renacentistas máis singulares de Galicia: o mosteiro e a igrexa de San Vicente do Pino, o colexio de Nosa Señora da Antiga e o convento das Clarisas. A etapa histórica da construcción destes edificios monfortinos está asociada ao padroado dos Condes de Lemos, amigos das artes e as letras e protectores e mecenas de escritores e artistas, entre eles, Miguel de Cervantes. O seu vínculo coa corte de Castela e co Virreinado de Nápoles abriu un camiño para a chegada das correntes artísticas europeas a esta vila do interior de Galicia.

### MONUMENTA DIVULGA

A igrexa de San Vicente do Pino

## A ANDAINA

Hora de saída: 10.30 h

Hora de regreso estimada: 14.00 h

Distancia: 2,8 km

Dificultade: baixa

**Itinerario:** visita ao Colexio Nosa Señora da Antiga e depois andaina cara ao mosteiro de Santa Clara (700 m), con visita guiada ao mosteiro. A seguir, subida a San Vicente do Pino polo barrio medieval (900m). E baixada a pé desde San Vicente do Pino ao aparcadoiro do Colexio Nosa Señora da Antiga (1,2 km).

**Observacións:** ruta urbana. Accesos con escaleras en todos os edificios con visita.

**Necesidades específicas:** calzado cómodo, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

**Entrada aos monumentos:** visitas aos edificios en grupos de 50 persoas acompañados dos guías dos museos. O custo da entrada aos diferentes edificios será asumida por Monumenta 2016.

**Público destinatario:** actividade axeitada para todos os públicos.

**Inscrição previa:** non é necesaria inscrición.

**Enlace da ruta:** <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=13623226>

**MÁIS INFORMACIÓN:** [info@sinsaudio.org](mailto:info@sinsaudio.org) e no teléfono 619 637 211



galicia



XUNTA  
DE GALICIA